

## FESTIVIDADES

### Un ano máis, o Consorcio de Santiago cos fogos das Festas do Apóstolo

De novo, este ano 2022, o Consorcio de Santiago colaborou co Concello de Santiago na realización do espectáculo pirotécnico das Festas do Apóstolo. Os tradicionais fogos, que foron visibles desde diversos puntos da cidade, tiveron lugar na noite do 24 de xullo. Por outra banda, na noite do 31 de xullo, poñendo fin á programación cultural e festiva, tivo lugar a pirotecnia de fin de festa, lanzados desde a Cidade da Cultura.



### O Consorcio de Santiago oferta sete prazas de emprego para primeiras experiencias profesionais dun ano de duración

O Consorcio de Santiago publicou no portal de emprego do Goberno de España, Empléate, sete ofertas de emprego dentro do "Programa de primeira experiencia profesional en las administraciones públicas", de contratación de persoas novas desempregadas.

Entre os perfís que se ofertan están o dun enxeñeiro/a industrial, dous arquitectos/as técnicos, un graduado/a en Economía ou ADE, un graduado/a en Dereito e un enxeñeiro/a agrónomo ou forestal.

Entre esas ofertas de emprego atópase tamén unha dun Licenciado/a superior en música para a oficina da Real Filharmonía de Galicia por duración dun ano.

#### Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/o-consorcio-de-santiago-oferta-sete-prazas-de-emplego-para-primeiras-experiencias-profesionais>

## MÚSICA

### A Real Filharmonía de Galicia ofreceu a súa música por distintos festivais

A Real Filharmonía de Galicia actuou durante este mes de agosto en diversos festivais de música. Despois do concerto das Festas do Apóstolo en Santiago de Compostela, a orquestra trasladouse ata o Mosteiro de San Salvador en Celanova para actuar no Festival Hércules Brass e ata o Teatro Pastor Díaz de Viveiro para participar no Festival Bay y Gay. Maximino Zumalave foi o director en ambas funcións.

Durante o mes de setembro a Real Filharmonía estará presente o Festival Maré de Artes e Músicas Atlánticas. A RFG estará acompañando aos escoceses Capercaillie Symphonic o día 21 no Auditorio de Galicia. Tamén formará parte do proxecto Sensaxenoma22, promovido polo IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria) para investigar como a pegada da música no noso ADN nos pode axudar a frear ou paliar os efectos de distintas enfermidades.

